

Cazadores de erros:

Escribe a palabra correcta enriba da mal escrita:

Istas rocas teñen moitos metais preciosos, como prata e ouro.

A orilla da isla estaba chea de basura: unha red de pescar, chapapote, conchas vellas...

Fun a panadería a comprar pasteles de mantequilla e uns bollitos.

Chegou xa o otoño. Caen as follas dos castaños e apañamos setas e castañas.

O xénero en galego:

Cambia o xénero destes animais. Coidado, moitos nomes son **epicenos**. **Sublíñaos**:

TARTARUGA	CABALO.....
VACA	BALEA.....
GOLFIÑO	OVELLA
LOBA	CAN
RAPOSA.....	RATO.....

Indica se estas palabras son masculinas ou femininas. Engade **O** ou **A** diante:

..... SANGUE LEITE CALOR MAR GARAXE
 VIAXE PAXE TRAXE SAL NARIZ
 CÁRCERE XIZ ORIXE PARÉNTese MEL

Palabras onomatopeicas:

Mete a palabra onomatopeica correspondente a cada ruído (verbos):



Tin tin!



Pío, pío!



Chiii!

Dicionario

Busca estas palabras, anota o significado no caderno e fai unha frase con cada unha.

CHÍCHARO – FARELO – PEXEGO – PORRO – PAPAS – UNTO – RUSTRIDO – SAÍN - FOLLADO